UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Guía Docente				
Datos Identificativos				2020/21
Asignatura (*)	Proxectos Avanzados		Código	630519005
Titulación	Mestrado Universitario en Arquitectura			
Descriptores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	Anual	Primeiro	Obrigatoria	9
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Proxectos Arquitectónicos, Urbanismo e Composición			
Coordinación	Crespo Gonzalez, Cristobal		Correo electrónico	cristobal.crespo@udc.es
Profesorado	Crespo Gonzalez, Cristobal Creus Andrade, Juan Jose Fernández-Albalat Ruiz, Andrés Martínez González, Carlos Meijide Tomas, Jorge Vicente Prieto López, Juan Ignacio		Correo electrónico	cristobal.crespo@udc.es juan.creus@udc.es andres.fernandez-albalat@udc.es c.martinez.gonzalez@udc.es jorge.meijide@udc.es juan.prieto1@udc.es
Web				
Descrición xeral	A materia PROXECTOS AVANZADOS DE ARQUITECTURA, además do tratamento teórico de temas instrumentais e de reflexión, ten un enfoque eminentemente práctico, analítico e profesional. O tema tratado e o traballo realizado nesta asignatura serve de base necesaria para o desenrolo do PFC no seguinte cuatrimestre na materia TFM. Consiste na elaboración dun documento de proxecto, a nivel de Proxecto Básico, no que o alumno analiza o lugar, representa o seu estado actual e desenrola ideas que conflúen nun proxecto de arquitectura que define e resolve as relacións territoriais e paisaxísticas, a distribución e aspectos funcionais, o volume e a implantación urbanística, así como os aspectos máis relevantes do soporte e relación co terreo ou a materialidade e acabados principais dos seus elementos. O traballo, inda que faise de xeito individual, conta con fases de análise e elaboración colaborativa e participativa implementado ferramentas relacionadas co manexo de escalas, condicións de uso, materiais e novas tecnoloxías. Os temas de proxecto serán elixidos para cada Curso Académico, tendo en conta problemáticas actuáis da sociedade que a arquitectura debe resolver e que terán desenrolo nos Obradoiros do TFM con maior profundidade técnica e proxectual. A través de sesións de posta en común, contarase coa opinión, tanto de axentes relacionados co tema proposto como de arquitectos que expliquen as súas propias obras, poñendo especial atención nos procesos de traballo.			

Plan de continxencia	1. Modificacións nos contidos Non se realizarán cambios 2. Metodoloxías *Metodoloxías previstas que se manteñen -Todas agás Aprendizaxe colaborativa **Metodoloxías docentes que se modifican -As Aprendizaxes colaborativas que se vexan interrompidas durante períodos de confinamento, substituiranse por unha intensificación da correspondente á Análise de fontes documentais. 3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado - Correo electrónico: De uso para facer consultas, solicitar encontros virtuais para resolver dúbidas e facer o seguimento dos traballos tutelados. ? Moodle: Segundo a necesidade do alumando. Dispoñen de ?foros temáticos asociados aos módulos? da materia, para formular as consultas necesarias. Tamén hai ?foros de actividade específica? para desenvolver as ?Discusións dirixidas?, a través das que se se pon en práctica o desenvolvemento de contidos teóricos da materia. ? Teams: Sesións semanais en gran grupo ou en pequeno grupo (ata 6 persoas) que se programarán en función das horas que a materia ten asignadas no horario do centro e das necesidades de seguimento particular que se establezan para o axeitado seguimento dos traballos tutelados. Esta dinámica permite facer un seguimento normalizado e axustado as necesidades da aprendizaxe do alumando para desenvolver o traballo da materia. 4. Modificacións na avaliación Os Traballos tutelados e Portafolios do alumno, no caso de imposibilidade de entrega presencial, só serán entregados en formato dixital ao través da ferramenta Moodle. Avaliación: Traballos tutelados e Portafolios do alumno (100%): En relación cos traballos tutelados e Portafolios do alumno valorarase: ? A adecuación metodolóxica das propostas de traballo. - A profundidade do contido. - O dominio das aplicacións utilizadas na elaboración das propostas socioeducativas. - O tratamento dunha linguaxe propia do contexto disciplinar. - A utilización de fontes documentais complementarias e actuais. - A presentación e a claridade da exposición. *Observacións de avaliación: - Esixirase do alumnado unha participación activa, que permita realizar o seguimiento e evolución dos traballos e verificar a súa autoría. Para iso, dispoñeranse tarefas abertas en Moodle. - As entregas faranse a través da plataforma Moodle, cos mesmos criterios establecidos para a docencia presencial, eliminando a entrega material nas dependencias da ETSAC. - Non será necesario realizar entregas en formato físico. Non obstante, o alumnado poderá ser requerido a mostrar maquetas de traballo durante as exposicións públicas. 5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía - Non se realizarán cambios. Xa dispoñen de todos os materiais de traballo da maneira dixitalizada en Moodle.

Competencias do título	
Código	Competencias do título
A5	Aptitude para a concepción, a práctica e desenvolvemento de proxectos básicos e de execución, esbozos e anteproxectos. (T)
A6	Aptitude para a concepción, a práctica e desenvolvemento de proxectos urbanos. (T)
A7	Aptitude para a concepción, a práctica e desenvolvemento de dirección de obras. (T)
A8	Aptitude para elaborar programas funcionais de edificios e espazos urbanos. (T)
A9	Aptitude para intervir en conservar, restaurar e rehabilitar o patrimonio construído. (T)
A10	Aptitude para exercer a crítica arquitectónica.
A12	Elaboración, presentación e defensa, una vez obtidos todos os créditos de grao e mestrado, dun exercicio orixinal realizado individualmente, ante un tribunal universitario no que deberá incluírse polo menos un profesional de recoñecido prestixio proposto polas organizacións profesionais. O exercicio consistirá nun proxecto integral de arquitectura de natureza profesional no que se sinteticen todas as competencias adquiridas na carreira, desenvolvido ate o punto de demostrar suficiencia para determinar a completa execución das obras de edificación sobre as que verse, con cumprimento da regulamentación técnica e administrativa aplicable (T)
B1	Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun modo que haberá de ser en gran medida autodirixido ou autónomo.
B2	Posuír e comprender coñecementos que aporten unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, a miúdo nun contexto de investigación
B3	Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en entornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo
B4	Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos
B5	Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan a públicos especializados e no especializados dun modo claro e sen ambigüidades
B6	Coñecer os métodos de investigación e preparación de proxectos de construción.
B7	Crear proxectos arquitectónicos que satisfagan á súa vez as esixencias estéticas e as técnicas e os requisitos dos seus usuarios, respectando os límites impostos polos factores orzamentarios e a normativa sobre construción.
B8	Comprender a profesión de arquitecto e a súa función na sociedade, en particular, elaborando proxectos que teñan en conta os factores sociais.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para o aprendizaxe ao longo da súa vida
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse Mixto
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia do aprendizaxe ao longo da vida
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias do título

Aplicar a contornas novas ou pouco coñecidos, dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares), os conceptos, principios, teorías ou modelos relacionados co área do proxecto arquitectónico.	AM5 AM6 AM7 AM8 AM9	BM1 BM2 BM3 BM4 BM5 BM6 BM7 BM8	CM1 CM3 CM4 CM5 CM6 CM7 CM8
Ao finalizar a asignatura o alumnado haberá de ter acadada as seguintes aptitudes: - Aptitude para a concepción, a práctica e desenvolvemento de proxectos básicos e de execución, esbozos e anteproxectos. - Aptitude para a concepción, a práctica e desenvolvemento de proxectos urbanos. - Aptitude para a concepción, a práctica e desenvolvemento de dirección de obras. - Aptitude para elaborar programas funcionais de edificios e espazos urbanos. - Aptitude para intervir en conservar, restaurar e rehabilitar o patrimonio construído. - Aptitude para exercer a crítica arquitectónica. Así como todas as competencias básicas e transversais do título.	AM5 AM6 AM7 AM8 AM9 AM10 AM12	BM1 BM2 BM3 BM4 BM5 BM6 BM7 BM8	CM1 CM3 CM4 CM5 CM6 CM7 CM8

Contidos	
Temas	**Subtemas**
1 -PRESENTACIÓN, PANTEAMENTO DO TRABALLO E COORDINACIÓN	1.1 Enfoques: investigación e estratexias xerais de proxecto.
2 -ÁMBITOS DE PROXECTO. DOCUMENTACIÓN E FONTES	2.1 Coñecer 1: Cartografías / Sitios 2.2 Coñecer 2: Transformacións / Procesos 2.2 Coñecer 3: Límites / Condicións
3 -APROXIMACIÓN AO LUGAR. ACERCAMENTO, COMPRENSIÓN E REPRESENTACIÓN	3.1 Decubrir 1: Representar 3.2 Descubrir 2: De-ambular 3.3 Descubrir 3: Engadir-Quitar
4 -EMPRAZAMENTO. POSICIÓN. SOPORTE	4.1 Selección 1: Soportes naturales 4.2 Selección 2: Cualidades de las cosas
5 -ARGUMENTO 1. O UNIVERSAL	5.1 Arquitecturas de interés xeral. Hábitos
6 -ARGUMENTO 2. INTERCAMBIO LOCAL	6.1 Arquitecturas de intercambio local. Identidades
7 - PROPOSTA 1. RELACIÓNS EXTERNAS	7.1 Mobilidade-circulación (exterior-interior). Paisaxe
8 - PROPOSTA 2. RELACIÓNS INTERNAS	8.1 Resistencia (luz / estrutura) 8.2 Formas de estar
9 - PROPOSTA 3. AMBIENTE. CAPAS	9.1 Arquitectura por partes / Materialidade
SEMINARIO I - EXPERIENCIA E RELATO. USUARIOS	Escoitar / Conversar
SEMINARIO II - CASOS DE ESTUDIO. EXEMPLOS COMENTADOS POLO PROFESORADO	Referenciar / Comparar
SEMINARIO III -PROCESOS DE TRABALLO. AUTORES INVITADOS	Resolver / Dar coherencia

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	A5 B6 C1 C3 C6	4	10	14
Análise de fontes documentais	B6 C6	0	15	15
Discusión dirixida	A6 A10 B4	10	0	10
Aprendizaxe colaborativa	B1 B2 B5	10	20	30
Obradoiro	A7 A8 A9 A12 B3 B7 B8 C4 C5 C7 C8	10	40	50
Sesión maxistral	B2 B6 C4	15	0	15
Traballos tutelados	A5 A6 A7 A8 A9 A10	12	24	36
Portafolios do alumno	B5 B7 C1 C3 C8	5	30	35
Atención personalizada		20	0	20
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Actividades que se levan a cabo antes de iniciar calquera proceso de ensino-aprendizaxe a fin de coñecer as competencias, intereses e/ou motivacións que posúe o alumnado para o logro dos obxectivos que se queren alcanzar, vinculados a un programa formativo. Con ela preténdese obter información relevante que permita articular a docencia para favorecer aprendizaxes eficaces e significativos, que partan dos coñecementos previos.
Análise de fontes documentais	Técnica metodolóxica que supón a utilización de documentos audiovisuais e/ou bibliográficos (fragmentos de reportaxes, documentais ou películas, noticias de actualidade, paneis gráficos, fotografías, biografías, artigos, revistas, planos históricos e actuais, textos, etc.) relevantes para a temática da materia con actividades específicamente deseñadas para a análise dos mesmos. Pódese empregar como introdución xeral a un tema, como instrumento de aplicación de estudo de casos, para a explicación de procesos que non se poden observar directamente, para a presentación de situacións complexas ou como síntese.
Discusión dirixida	Técnica de dinámica de grupos na que os membros dun grupo discuten de forma libre, *informal e espontánea sobre un tema, aínda que poden estar *coordinados por un *moderador.
Aprendizaxe colaborativa	A aprendizaxe colaborativa xérase a partir da combinación dunha serie de principios como: a articulación, o conflito e o traballo en común. Baséase en chegar ao consenso a través da cooperación entre os membros do grupo. Outra premisa esencial desta aprendizaxe é a vontade de facer ou actividade directa de cada membro do grupo, o cal é fundamental porque a aprendizaxe colaborativa baséase na actividade de cada un dos membros. É, en primeira instancia, aprendizaxe activa que se desenvolve nunha colectividade non competitiva, na cal todos os membros do grupo colaboran na construción do coñecemento e contribúen á aprendizaxe de todos.
Obradoiro	Obradoiro de arquitectura: Modalidade formativa orientada á aplicación de aprendizaxes nos que se introducen coñecementos de diversas materias, siempre ó redor dun proxecto arquitectónico, no cal pódense combinar diversas metodoloxías/probas (exposicións, simulacións, debates, solución de problemas, prácticas guiadas, etc.) a través das que o alumnado desenrola tarefas prácticas sobre un tema específico, co apoio e supervisión do profesorado das materias implicadas.
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución dalgunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. A sesión maxistral é tamén coñecida como conferencia, método expositivo ou lección maxistral. Esta última modalidade adóitase reservar a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia.

Traballos tutelados	Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutéla do profesor e en escenarios variados (académicos e profesionais). Está referida prioritariamente á aprendizaxe de "como facer as cousas". Constitúe unha opción baseada na asunción polos estudantes da responsabilidade da súa propia aprendizaxe.
Portafolios do alumno	O resultado final dos traballos realizados na materia plasmarase no portafolios persoal do alumno, físico e dixital, dispoñible físicamente en papel e accesible a través da ferramenta informática para a docencia Moodle. Avalíanse os resultados, pero a través dun proceso docente tutelado e guiado, onde o esforzo persoal e a evolución intelectual do alumno deberán aparecer reflectidos na documentación final.

Atención personalizada	
Metodoloxías	**Descrición**
Traballos tutelados Portafolios do alumno Discusión dirixida Obradoiro	O alumno recibe atención personalizada concernente ao traballo que está a desenvolver, a través dos profesores do grupo ao que fose asignado. No Taller terá a posibilidade de comentar e obter revisións críticas por parte dos profesores dos demais grupos e materias, para poder contrastar opinións e criterios e confrontalos cos propios. O traballo do alumno será obxecto de revisións personalizadas, para observar a súa evolución e constatar a súa autoría. A docencia a alumnos de programas de mobilidade adaptarase a condicións pedagóxicas e de traballos tutelados especiais, así como as probas e exames de avaliación.

Avaliación			
Metodoloxías	**Competencias**	**Descrición**	**Cualificación**
Traballos tutelados	A5 A6 A7 A8 A9 A10	Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe - tanto autónomo coma colaborativo - dos estudantes, baixo a tutela do profesor e en escenarios variados (académicos, profesionais e competitivos). Está referida prioritariamente á aprendizaxe de "como facer as cousas". Constitúe unha opción baseada na asunción polos estudantes da responsabilidade da súa propia aprendizaxe. É necesaria a asistencia para o 80% das sesións interactivas e expositivas. A avaliación da práctica obrigatoria do obradoiro non se restrinxe aos contidos, ademais, verifícase a autoría do mesmo	50
Portafolios do alumno	B5 B7 C1 C3 C8	O resultado final dos traballos realizados na materia plasmarase no portafolios persoal do alumno, físico e dixital, dispoñible físicamente en papel e accesible a través da ferramenta informática para a docencia Moodle. Avalíanse os resultados, pero a través dun proceso docente tutelado e guiado, onde o esforzo persoal e a evolución intelectual do alumno deberán aparecer reflectidos na documentación final. É necesaria a asistencia para o 80% das sesións interactivas e expositivas. A avaliación da práctica obrigatoria do obradoiro non se restrinxe aos contidos, ademais, verifícase a autoría do mesmo. A súa aptitude final será consensuada polo taller de asignaturas.	50

Observacións avaliación

Os exercicios a realizar na asignatura teñen un enfoque eminentemente práctico, analítico e profesional, tratando, dende diferentes ópticas, necesidades reais da sociedade que un proxecto de arquitectura debe resolver. Os temas de proxecto son elixidos para cada Curso Académico e os traballos realizados na asignatura serven de base necesaria para o desenrolo do PFC no seguinte cuatrimestre na materia TFM con maior profundidade técnica e proxectual..

Consiste na elaboración dun documento de proxecto, a nivel de Proxecto Básico, no que o alumno analiza o contexto, representa o seu estado actual e desenrola ideas que conflúen nun proxecto de arquitectura que define e resolve as relacións territoriais e paisaxísticas, a distribución e aspectos funcionais, o volume e a implantación urbanística, así como os aspectos máis relevantes do soporte e relación co terreo ou a materialidade e acabados principais dos seus elementos.

No traballo valórase asimesmo a utilización de ferramentas relacionadas co manexo de escalas, condicións de uso, materiais e novas tecnoloxías. A avaliación terá en conta os resultados alcanzados na elaboración e posible tramitación das propostas.

Exísese a asistencia ao 80% das sesións interactivas e expositivas.

A valoración da práctica obrigatoria non se restrinxe aos contidos, tamén, constátase a autoría da mesma.A aptitude final do traballo presentado na asignatura, que terá seguimento no Obradoiro de confluencia das Asignaturas, deberá estar consensuado por todas elas nunha xunta que o Obradoiro celebrará tra-la entrega.

Fontes de información	
Bibliografía básica	- X. Monteys, P. Fuertes (2014). Casa collage. Barcelona: Gustavo Gili - Enrique Walker (2010). Lo Ordinario. Barcelona: Gustavo Gili - Kenneth Frampton (1980). Historia crítica de la arquitectura moderna. Barcelona: Gustavo Gili - Peter Zumthor (2014). Pensar la arquitectura. Barcelona: Gustavo Gili - ITO, Toyo (1992). Arquitectura de límites difusos. Barcelona: Gustavo Gili - I. Abalos, J. Herreros (2000). Técnica y Arquitectura en la Ciudad Contemporánea. San Sebastián: Nerea - Eduardo Torroja Miret (2008). Razón y ser de los tipos estructurales. Madrid: CSIC - Rafael Moneo (2010). Rafael Moneo: Apuntes sobre 21 obras. Barcelona: Gustavo Gili - UTZON, Jörn (1962). Plataformas y mesetas. Milan: Zodiac 10 - CAMINADA, Gion A (2018). On the path to building. Birkhauser - HEIDEGGER, Martin (1996). Caminos de bosque. Alianza Editorial - GALLEGO, Manuel (2007). Anotaciones al margen. Escritos 1993-2005. Barcelona: GG - BORJA, Jordi; CATELLS, (1998). Local y Global . Barcelona: Taurus - PARICIO, Ignacio (1995). La construcción de la arquitectura 2. Los elementos. Barcelona: ITeC - VVAA (2017). CTE - Código Técnico de la Edificación. Madrid: Ministerio de Fomento - VVAA (2010). Decreto 29/2010 Habitabilidad de Viviendas en Galicia. DOGA 18 marzo 2010
Bibliografía complementaria	- Marc Augé (1996). El Viaje Imposible. El Turismo y sus Imágenes. Barcelona: Gedisa - Reyner Banham (1976). Megaestructure. Urban Futures of the Recent Past. Londres: Harper & Row - Peter Cook (1970). Experimental Architecture. Londres: Studio Vista - Rem Koolhaas (1978). Delirious New York. A retroactive Manifiesto for Manhattan. Nueva York: Oxford University Press - Henri Lefebvre (1973). De lo Rural a lo Urbano. Barcelona: Península - M. Mostafavi, G. Doherty (2014). Urbanismo ecológico. Barcelona: Gustavo Gili - Ian McHarg (1969). Design with Nature. Nueva York: Natural History Press - Alison & Peter Smithson (1967). Urban structuring. Londres: Studio Vista - Philip Jodidio (2004). Architecture Now. Colonia: Taschen - B. Tschumi, I. Cheng (2003). The state of architecture at the beginning of the 21st century. New York: The Monacelli Press / Columbia Books of Architecture - Patrice Goulet (1989). Temps sauvage et incertain. Paris: Les Editions du Demi-Cercle - Luigi Prestinenza (2008). New Directions in Contemporary Architecture: Evolutions and Revolutions in Building Design Since 1988. Chichester: John Wiley & Sons - Victor Olgyay (1998). Arquitectura y clima. Manual de diseño bioclimático para arquitectos y urbanistas. Barcelona: Gustavo Gili - Rudolf Arnheim (2001). La forma visual de la arquitectura. Barcelona: Gustavo Gili

Recomendacións
Materias que se recomenda ter cursado previamente
Materias que se recomenda cursar simultaneamente
Proxecto de Construción/630519001 Proxecto de Estruturas/630519002 Crítica Arquitectónica/630519004 Instrumentos de Intervención Urbanística/630519006 Proxecto de Instalacións/630519003
Materias que continúan o temario
Traballo Fin de Mestrado/630519007
Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías